



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 431/2020

OBXECTO: DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PROPOSTA DE ACORDO

Visto que a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público lle atribúe determinadas competencias ao Pleno da Corporación.

Visto que o artigo 61 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público prevé que os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades na materia co cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias.

Visto o réxime de delegación de competencias establecido nos artigos 114 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o informe de Secretaría obrante no expediente e no uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía **PROPOÑO**, ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Delegar as competencias que conforme á Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público lle corresponden ao Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local do Concello, tanto as correspondentes aos procedementos en curso como aos posteriores, surtindo efectos este acordo dende o día seguinte á súa aprobación, sen prexuízo das obrigas de publicación.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Chantada

Chantada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: Z237H3RD344TKT4Z9W92XZA6 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1